

## **CLUB DE MONTAÑISMO "MONTAÑAS DE TREVINCA"**

REUNIDOS en Vilanova de Trevinca, 25, A Veiga, o día 06 de xuño do 2021, os/as socios/as que a continuación se relacionan:

1. Antonio Fernández Pena. **Presidente**
2. Marcos Pérez Rivas. **Secretario**
3. Mónica Rodríguez Fernández. **Tesoureira**
4. Juanjo Lorenzo Veigas. **Vogal de Montaña**
5. Laura María Gonçalves Pires (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
6. María do Carmo Dias da Cunha (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
7. Carla María Botelho Rodrigues (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
8. Javier Pacoret Balsa (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
9. Pulo Alexandre Botelho Rodrigues Pires (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
10. Roberto Goris Mígues (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
11. Juan Tojo García (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
12. Francisco Pisón Villapol (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
13. Enrique Carrera Soto (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)

e unha vez comprobado polo secretario o quórum necesario e totalizando un número de socios/as asistentes de 13, entre presentes e delegados/as, se abre a sesión (en segunda convocatoria) cando son as 20:30 horas, pasándose a desenrolar os seguintes puntos do día enviados con anterioridade na convocatoria desta asemblea:

Previo ao inicio a Asemblea se acorda por tódolos presentes que se engada un punto extra. Neste punto dará conta por parte da Xunta Directiva a todas as decisións tomadas con relación a protección destas montañas de Trevinca en contra da instalación dos parques eólicos.

### **1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Unha vez lida en voz alta a acta da sesión anterior por parte do Presidente, se aproba por unanimidade a Acta da Asemblea Xeral Extraordinaria, celebrada este mesmo día.

## 2. Explicacións da actual situación COVID19 (Actividades, atraso asemblea, normativa, etc..)

Neste punto o Presidente explica que pouco a pouco se van alixeirando as restricións para a realización de actividades, apuntando o Vogal de Montaña que agora xa se pode traballar con grupos de 20 participantes.

Se explica tamén porque se tivo que atrasar a asemblea, motivado pola imposibilidade de reunión cun número mínimo aceptable de asistentes ata este momento.


Con relación a normativa actual, se comenta que hai que seguir actuando con cautela, como ata agora, para que tódalas actividades saian igual de ben que as realizadas, e sobre todo, sen ningún incidente.

Non procede votación.

## 3. Aprobación se procede da memoria e balance económico do exercicio do pasado ano 2020

A tesoureira informa e comenta o balance de situación de ingresos e gastos do pasado ano 2020. A día 31 de decembro do 2020 a asociación ten na conta 4598,80 €.



As contas se reflicten nesta acta para que quede constancia das mesmas.

	<u>INGRESOS (con IVE)</u>	<u>GASTOS (con IVE)</u>	<u>DIFERENZA</u>
Vilanova de Trevinca 31 de decembro do 2020			
<b><u>BALANCE DE SITUACIÓN - CONTAS DE INGRESOS E GASTOS - 2020</u></b> <b><u>CLUBE DE MONTAÑISMO "MONTAÑAS DE TREVINCA"</u></b>			
Ingresos por cursos e actividades	740,00 €		
Cotas Socios	1.862,00 €		
Licenzas Federativas	4.013,00 €	3.405,00 €	608,00 €
Seguros Individuais Actividades	204,00 €	84,00 €	120,00 €
IVA autoliquidacion	1.681,71 €		
Remanente do 2019	1.632,77 €		
<b>Gastos e Comisións bancarias</b>		274,82 €	
<b>Gastos liq.remesas</b>		1,00 €	
<b>IVA (liq. remesas)</b>		9,05 €	
<b>Seguro RC e de accidentes</b>		954,00 €	
<b>Impresións, cartelería, etc.</b>		44,00 €	
<b>IRPF, retencións</b>		216,00 €	
<b>Xestoría</b>		195,20 €	
<b>Gastos responsables actividades</b>		250,00 €	
<b>Gastos desprazamento xunta directiva</b>		56,62 €	
<b>Cefé actividades</b>		44,99 €	
<b>TOTAIS</b>	<b>10.133,48 €</b>	<b>5.534,68 €</b>	<b>4.598,80 €</b>
DISPONIBLE EN CONTA 01-01-2020			120,41 €
DISPONIBLE EN CONTA 31-12-2020			4.719,21 €
CAIXA EFECTIVO 01-01-2020			0,00 €
CAIXA EFECTIVO 30-12-2020			0,00 €
DIFERENZA POSITIVA ANUAL*			4.598,80 €
*Pendente de pago do imposto de Sociedades do 2021			
			
			Asdo: <u>Mónica Rodríguez</u> Tesoureira

As contas son aprobadas polos presentes por unanimidade.

#### 4. Aprobación se procede, do orzamento do presente ano 2021

A Tesoureira da informa da previsións de ingresos e gastos para este ano 2021. Tamén comenta que neste ano 2021 é complicado facer un orzamento axustado debido a incertidume que estamos a sufrir a causa do continuo cambio das normativas sanitarias, o cal afecta as actividades previstas. Con relación ao importe de sociedades comenta que a asesoría nos deu unha estimación de 1600 €, pero esta cantidade pode cambiar lixeiramente debido a que non se abre o prazo de presentación ata o 1 de xullo deste ano. Esta data é posterior a data da celebración da asemblea.

 <b>Club de montañismo Montañas de Trevinca</b>	
<b>PREVISIÓN DE INGRESOS Y GASTOS AÑO 2021</b>	
<b>Estimación de ingresos:</b>	
Cuotas de socios	1.862,00 €
Actividades	740,00 €
Tramitación de licencias federativas	4.000,00 €
Seguros individuales por actividades	120,00 €
<b>Total</b>	<b>6.722,00 €</b>
<b>Estimación de gastos</b>	
Tramitación de licencias federativas	4.000,00 €
Pagos responsables de las actividades	600,00 €
Seguros de RC	750,00 €
Gastos corrientes oficina/fotocopias/etc	250,00 €
Gestoría	200,00 €
Impuestos	150,00 €
Impuestos Sociedades por cobro subvención*	1.600,00 €
Comisiones bancarias	120,00 €
Dietas y kilometrajes	150,00 €
Dominios, web, etc	150,00 €
Clausura actividades	150,00 €
<b>Total</b>	<b>8.120,00 €</b>
* Impuesto de Sociedades valor aproximado hasta notificación oficial	
En Vilanova a 5 de enero de 2021	
Edo: Mónica Rodríguez Tesorera	
	

Este orzamento se aproba polos presentes por unanimidade.

## **5. Memoria das actividades do pasado ano 2020**

O presidente informa sobre as actividades realizadas no pasado ano 2020, presentando a memoria actividades.

O presidente tamén informa sobre o número de participantes nas actividades do 2020, e comenta que estivo moi ben, sobre todo, debido a que este ano houbo moitas limitación sanitarias que fixeron reducir o número máximo de asistentes e a anulación dalgunhas actividades, sumado ademais a imposibilidade de movementos de circulación.

Esta opinión é compartida polos asistentes.

## **6. Programa de actividades do ano en curso**

O Presidente comenta que non se fixo calendario anual debido a que a situación sanitaria e moi cambiante, polo tanto acórdase por unanimidade facelo trimestral e segundo vaia avanzando o ano e as medidas sanitarias.

## **7. Comunicación do listado de socios/os, altas e baixas**

O Secretario da conta do actual listado de socios e socias do club, que neste momento conta cun total de 127 asociados, comentando tamén as altas e baixas rexistradas ata o día de hoxe.

Se acepta por unanimidade o listado actual de socios e socias comunicado polo Secretario.

## **8. Actuación ante a implantación de parques eólicos en Trevinca (Punto engadido)**

O Presidente da razón de tódalas accións realizadas polo club para evitar a implantación de parques eólicos nas Montañas de Trevinca e outros lugares montañosos.

En primeiro lugar se comenta que se creou unha páxina web a nome do club co lema “Salvemos Trevinca”. Tamén se fixo unha recollida de sinaturas a favor da negativa de implantación de parques eólicos, na que se recolleron máis de 6000. O club se adheriu a plataformas como ALIENTE e Salvemos a Cordillera Cantábrica. Ademais se enviaron alegacións aos estudos en exposición pública dos parques eólico de Prada, Alto Cabrera, Rebordechao e Barja. Se fixo unha doazón de 50 € a unha plataforma da Cordillera Cantábrica para a contratación de asesoría legal para as alegacións dos diferentes parques eólicos que se queren implantar en varias montañas do norte de España.

## 9. Rogos e preguntas

Non hai rogos e preguntas.

Non habendo máis asuntos que tratar, se levanta a sesión cando son as 21:45 horas. O Sr. Presidente firma comigo esta acta, o Secretario, que dou fe.

5

Secretario

V° B° Presidente

Marcos Pérez Rivas

Antonio Fernández Pena

En Vilanova de Trevinca, a 6 de xuño do 2021.